

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 22 DE XANEIRO DE 2024.

PRESIDENTA: Dona Loreto Rodríguez Costas, en substitución Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

SECRETARIA DA MESA: Dna. María del Carmen Dorado Duro, Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.

VOGAIS:

- D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.
- Dna Ana María Pérez Ramos, Técnico de Administración Xeral, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo
- Dna Sonia Méndez García, Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e Fomento.
- D.Diego Rodríguez Albardonedo, Enxeñeiro Técnico de Telecomunicacións(Sección Novas Tecnoloxías).

Sendo as 12:05 horas do día 22 de xaneiro de 2024, baixo a Presidencia de Dna. Loreto Rodríguez Costas, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos seguidamente relacionados e que constan na convocatoria efectuada a tales efectos.

Pola Presidenta da Mesa procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA E SEGUIMENTO PARA A IMPLANTACIÓN MUNICIPAL DOS PROXECTOS ENMARCADOS DENTRO DO PROGRAMA IMPULSATIIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO), «PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU» EXP.2023/CON_02/000075

Primeiro.- Acto de apertura oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Segundo.- Acto de valoración oferta criterios cuantificables automaticamente (art. 159) correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Pola Presidencia dáse conta que se incorpora ao expediente o informe de resultados do Análise de Riscos de Conflictos de Interés realizado por MINERVA concluíndo o seguinte:

“Se ha realizado el análisis de riesgos de las 10 posibles parejas decisor-potencial beneficiario,siendo el resultado el siguiente:

10 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7WYWCNHVPRSVQCINICKBRACY	Fecha y Hora	25/01/2024 13:02:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DIEGO RODRIGUEZ ALBARDONEDO (TÉCNICO/A)		
Firmado por	ANA MARÍA PÉREZ RAMOS (TÉCNICO/A)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (TÉCNICO/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN DORADO DURO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WYWCNHVPRSVQCINICKBRACY	Página	1/4



*0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)
Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).
Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde.”*

A maiores incorpóranse ao expediente as declaracións de ausencia de conflito de interese das persoas que forman parte da Mesa de Contratación.

Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

- ALPHA SYLTEC INGENIERÍA

Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que a documentación administrativa presentada polas empresas é correcta tanto en forma coma en prazo.

A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO	INCREMENTO DE NÚMERO DE VISITAS SEN COSTE ENGADIDO
ALPHA SYLTEC INGENIERÍA	Se compromete a realizar o obxecto do contrato por importe de 14.532,30 euros , aos que se engadirán 3.051,78 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 17.584,08 euros	NON OFERTA

A continuación, realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, resultando que cando, concorrendo un só licitador, o límite será que o importe ofertado (17.584,08 euros) sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais (límite da baixa todo importe inferior a 20.605,66 euros), polo que a oferta da mercantil ALPHA SYLTEC INGENIERÍA incorre en baixa desproporcionada.

Conforme á cláusula 17.2 do PCAP, no caso de que sexa precisa documentación adicional á existente nos rexistros públicos, que complementa á información extraída da consulta

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7WYWCNHVPRVCQNICBRACY	Fecha y Hora	25/01/2024 13:02:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DIEGO RODRIGUEZ ALBARDONEDO (TÉCNICO/A)		
Firmado por	ANA MARÍA PÉREZ RAMOS (TÉCNICO/A)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (TÉCNICO/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN DORADO DURO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WYWCNHVPRVCQNICBRACY	Página	2/4



do Rexistro de Licitadores, de cara a verificar a capacidade para contratar, aplicarase o previsto nos artigos 65 a 73 da LCSP. A estes efectos, e para complementar, unicamente, a información reportada por algún dos Rexistros de Licitadores de referencia por existir algunha dúbida, a Mesa de Contratación poderá requirir (no prazo de sete días hábiles previsto no artigo 159.4 da LCSP) dita documentación.

A vista do antedito, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade dos presentes:

1.-Conceder o trámite de audiencia á empresa ALPHA SYLTEC INGENIERÍA, para que no prazo de 5 DÍAS HÁBILES e de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, xustifique e desglose razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

2.-Requirir á empresa ALPHA SYLTEC INGENIERÍA para que, no prazo de SETE DÍAS HÁBILES, achegue a documentación relacionada no cadro resumen do PCAP, apartado "P.DOCUMENTACIÓN ESIXIDA AO LICITADOR PROPOSTO COMO ADXUDICATARIO A MAIORES DA ESIXIDA NA CLÁUSULA 17" e na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7WYWCNHVPRVCQNICBRACY	Fecha y Hora	25/01/2024 13:02:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DIEGO RODRIGUEZ ALBARDONEDO (TÉCNICO/A)		
Firmado por	ANA MARÍA PÉREZ RAMOS (TÉCNICO/A)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (TÉCNICO/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN DORADO DURO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WYWCNHVPRVCQNICBRACY	Página	3/4



A Mesa de contratación faculta ao Servizo de Contratación para recabar todos os informes, certificados e bastanteos que sexan necesarios para a adxudicación.

A Presidenta levanta a sesión ás 12:18 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

A PRESIDENTA DA MESA, Loreto Rodríguez Costas.
 A SECRETARIA DA MESA, María del Carmen Dorado Duro.
 VOGAIS.-
 Pablo Seoane Cancelo.
 Sonia Méndez García
 Ana María Pérez Ramos.
 Diego Rodríguez Albaronedo

San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.: 982 260 000

	IV7WYWCNHVPRSVQCQICKBRACY	Fecha y Hora	25/01/2024 13:02:42
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	DIEGO RODRIGUEZ ALBARDONEDO (TÉCNICO/A)		
Firmado por	ANA MARÍA PÉREZ RAMOS (TÉCNICO/A)		
Firmado por	PABLO SEOANE CANCELO (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	SONIA MÉNDEZ GARCÍA (TÉCNICO/A)		
Firmado por	LORETO RODRÍGUEZ COSTAS (RESPONSABLE SERVICIO, XEFE, COORDINADOR/A)		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN DORADO DURO (TÉCNICO/A)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7WYWCNHVPRSVQCQICKBRACY	Página	4/4

